



## NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS FOGUEIRAS SAN XOAN 2020

O departamento de Seguridade Cidadá do Concello de Arteixo establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as “Fogueiras da Noite de San Xoán 2019”.

Con motivo da crise sanitaria Covid-19, e dacordo coas medidas hixiénico-sanitarias establecidas polas distintas administración públicas, o Concello de Arteixo, facendo un exercicio de responsabilidade, de forma excepcional para o exercicio 2020 soamente autorizará a celebración de Cacharelas/Sardiñadas **en propiedade privada**, quedando totalmente prohibida a realización das mesmas en espazos públicos e nas praias.

### Cacharelas en espazos privados

- 1) As persoas, que desexen realizar unha cacharela na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente preferentemente a través da páxina web do Concello: [www.arteixos.org](http://www.arteixos.org) ou no Rexistro Xeral do Concello **dende o 10 de xuño ata as 14:00 horas do 22 de xuño**, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
  - 2) Na solicitude debe ir referenciado o lugar exacto no que se vai a situar a cacharela, así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
  - 3) As/os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono DE EMERXENCIAS, A SABER: 112, Bombeiros (981 60 27 40), Protección Civil (981 64 14 14) e Policía Local (092).
  - 4) Zona urbana: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de perímetro, nin un metro de altura.
  - 5) Rural: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
  - 6) A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
  - 7) Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacene produtos inflamables.
  - 8) Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
  - 9) En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.

10) Dacordo co estado de crise sanitaria, as reunión de persoas en ditas celebracións **adecuaráse en todo momento as normas hixienico-sanitarias e de número de persoas permitidos pola normativa estatal ou autonómica.**

- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Os organizadores atenderán as reivindicacións de Policía Local, Garda Civil, Protección Civil e dos Bombeiros.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Protección Civil que, se é o caso, dará conta á Policía Local das infraccións.